




5

o falar
non ten cancelas



FUNCIÓNS COMUNICATIVAS	COÑECEMENTO DO CÓDIGO			CONTIDOS SOCIOCULTURAIS
	LÉXICO	GRAMÁTICA	FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Poñer condicións para unha acción futura ❖ Negociar un acordo 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Xornalismo ❖ Informática 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Pronomes persoais: o se marca de pasiva ❖ Derivación: profesión ❖ Perífrases verbais: temporais de futuridade ❖ Tipoloxía textual: a carta comercial 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Os signos de admiración e interrogación ❖ Coherencia e cohesión: a substitución pronominal, os demostrativos, manexo dos artigos ❖ GALEGO EN ACCIÓN: Preparar unha entrevista a un personaxe non famoso 	<ul style="list-style-type: none"> ❖ Número de fogares con conexión a internet



Actividade introdutoria

1. Vaste converter en xornalista e ao longo do tema irás pasando por distintos postos de traballo. Comezaremos por **redactor dun xornal**. Que seccións hai nun xornal habitualmente?

Aquí tes unha relación de termos que se poderían corresponder con seccións dun xornal, bota man deles e constrúe a estrutura do teu xornal, elixe 10 e ordénaas tal e como aparecerían na túa publicación.

sociedade comunicación televisión tempo axenda nacional internacional local sucesos
opinión anuncios breves deportes comarcas área de influencia educación corazón
editorial traballo Galicia marítimo economía horóscopo

Cabeceira do teu xornal:

Seccións e paxinación:

2. Xustifica a túa elección (tipo de público, área de influencia do xornal, periodicidade etc).

3. En que sección do teu xornal che gustaría traballar?, por que?



4. Asocia titulares con seccións do teu xornal, tendo en conta que é posible que algúns non teñan cabida nel.

O PRESIDENTE DO GOBERNO CRITICA A POSTURA DA OPOSICIÓN NA SÚA VIAXE EN CHILE
 O TERRORISMO É A PRINCIPAL PREOCUPACIÓN DOS ESPAÑOIS, SEGUNDO A ÚLTIMA ENQUIISA DO CSIC
 O INFORME PISA SUSPENDE O SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL
 O PAPA PRONUNCIA A TRADICIONAL BENDICIÓN URBI ET ORBI
 O PREZO DO DIÑEIRO SUBIU UN 4% NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS
 O EXÉRCITO RUSO SUFOCA A REBELIÓN KURDA
 A DERRUBA DUNHA PONTE PROVOCA CINCO MORTOS EN INDIA
 CONFÍRMASE O ROMANCE ENTRE O PRESIDENTE FRANCÉS E A MODELO ROSA CELA
 O LUME DUNHA CANDEA PROVOCA UN INCENDIO EN TOLEDO
 VOLVE DESCENDER O PARO EN DECEMBRO
 O TREN DE ALTA VELOCIDADE CHEGA A MÁLAGA NO PRAZO PREVISTO
 O PARLAMENTO RATIFICA A MINISTRA LUCÍA SANXURXO NO SEU POSTO
 SÓ DOUS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO TEÑEN POLICÍA LOCAL PROPIA
 O BARCELONA GAÑOU ESTE DOMINGO DIANTE DO ETERNO RIVAL
 MANTENSE PROVISIONALMENTE A PROHIBICIÓN DE PESCAR FANECA
 DEZ MIL OPOSITORES RIVALIZARÁN HOXE EN SILLEDA
 OS EE UU ASINAN POR FIN UN TRATADO QUE PORÁ FIN ÁS EMISIÓNS DE GASES TÓXICOS
 OS SIMPSON CUMPREN DEZ ANOS EN ANTENA
 FOLGA DE GUIONISTAS DAS PRINCIPAIS SERIES AMERICANAS
 OS TRABALLADORES DO METAL SAEN Á RÚA
 DESCOBREN NA SELVA AMAZÓNICA UNHA NOVA ESPECIE VEXETAL
 GRAVES INUNDACIÓNS EN PAQUISTÁN
 TRES MORTOS NAS ESTRADAS ESTA FIN DE SEMANA

SECCIÓN / TITULARES	SECCIÓN / TITULARES	SECCIÓN / TITULARES	SECCIÓN / TITULARES	SECCIÓN / TITULARES
SECCIÓN / TITULARES	SECCIÓN / TITULARES	SECCIÓN / TITULARES	SECCIÓN / TITULARES	SECCIÓN / TITULARES



Gramática e léxico

Prácticas guiadas

GRAMÁTICA SELECTIVA

Para indicar accións que se van realizar no futuro podemos valernos de tempos verbais ou das perífrases verbais que indican futuridade:

TEMPOS VERBAIS:

a) futuro de indicativo

Mañá irei de paseo.

Acabarei o traballo cando poida.

b) presente de indicativo con valor de futuro

Mañá vou de paseo.

PERÍFRASES VERBAIS TEMPORAIS DE FUTURIDADE

IR + INFINITIVO

Vou facer a cama.

HABER + INFINITIVO

Dentro de tres días hei facer o que che dixen.

Para poñer condicións para o cumprimento dunha acción futura:

Proposición condicional encabezada por unha conxunción condicional (se, como...) + proposición principal, co verbo en futuro ou perífrase verbal de futuridade.

Se vén hoxe, farei unha torta.

Como veña hoxe, farei unha torta.

Se chegou á casa cedo, vouno felicitar.

Como chegara á casa cedo, heino felicitar.

O SE, MARCA DE PASIVA REFLEXA

O pronome SE úsase como marca de pasiva reflexa cando non indicamos o axente dunha oración pasiva. O verbo pode ir en 3.º persoa do singular ou do plural concertando co suxeito paciente:

O edificio foi construído polos obreiros.

O edificio construíuse.

Os exercicios foron feitos polos nenos.

Os exercicios fixéronse.



Léxico

Coloquial: ver o futuro

Estándar: adiviñar o futuro

Culto: prognosticar, augurar

Coloquial: pasar

Estándar: suceder

Culto: acontecer

Coloquial: andar no ordenador

Estándar: usar o ordenador

Culto: navegar

Coloquial: escribir nun xornal

Estándar: colaborar nun xornal

Culto: ser columnista

Coloquial: vender algo nunha revista

Estándar: anunciar

Culto: publicitar

Coloquial: controlar de informática

Estándar: saber informática

Culto: dominar a informática

5. Traballarás agora nunha **revista especializada en informática**. Esta nova saíu publicada no último número:



Microsoft presenta o seu novo produto, Multimedia Super, un teclado que pretende adaptarse á vida diaria dos usuarios. Con só pulsar un botón, o usuario poderá acceder a múltiples aplicacións multimedia. Con este novo produto, Microsoft pensou nos consumidores (non importa a idade) que levan un estilo de vida áxil e dinámico. O obxectivo principal do novo dispositivo é o de optimizar o traballo do usuario, grazas á rapidez para acceder a diversas ferramentas

multimedia e á comodidade das súas teclas. No que se refire ás súas características, os botóns de acceso directo permiten dispoñer das aplicacións de maneira sinxela. Así, co novo teclado, tarefas como pasar dun programa en execución a navegar por Internet, escoitar música ou ver videoclips pódense levar a cabo de forma instantánea. Ademais, as teclas de función foron melloradas para levar a cabo tarefas habituais, como gardar, imprimir, contestar, reenviar unha mensaxe ou gravar directamente dende o ordenador. O seu deseño ergonómico posúe unha distribución de teclas estudada. Atractivas funcións para que se poida traballar co PC de forma máis rápida e sinxela.

Que palabras pertencen ao campo semántico da INFORMÁTICA?



6. Baseándote no modelo, redacta agora un texto similar para este produto.




Características técnicas: Deluxe ratoGPS, rato USB; pequenas dimensións, ideal para portátil, GPS integrado, medidas 56x99 mm, peso aprox. 100 gr, 5 botóns en total, adaptable a calquera superficie, PVP 45 euros.

7. Nesa mesma revista especializada en informática, tamén ofrecedes todas as novidades en xogos para ordenador. Na páxina desta semana, debes redactar o texto de presentación que falta:



Preséntanse varios novos xogos de estratexia histórica esta semana no mercado, entre os que destaca *Medieval II*. Este permite xestionar un reino medieval dende o século X ao século XII, de maneira que a través de asedios e batallas se poderá ampliar o seu territorio tanto como se poida. As realistas recreacións de personaxes da época, vestuario e tácticas de combate farán que sen dúbida goces con *Medieval II*.

TEXTO: _____





8. Darás agora o salto cara ás **revistas do corazón**; en concreto, estarás encargado da sección de horóscopo, dado que tes dotes adiviñatorias.

a) Por parellas, pregúntalle ao teu compañeiro que signo do horóscopo ten.

b) Escribe un breve texto onde lle predigas o que lle vai pasar na vindeira semana.



Semana do 12 ao 18 de abril

ARIES

Esta semana os nativos/as deste signo de lume van ter serios problemas no seu mundo laboral. Recibirán unha mala noticia que os vai sumir nunha profunda reflexión sobre a súa traxectoria vital. No amor, ánimo!, se es capaz de superar a túa timidez, por fin vas conseguir esa cita que tanto desexabas.

SIGNO: _____

9. Esas mesmas dotes adiviñatorias vanche valer para predicirlle a un oínte da **cadea de radio** onde traballas como pitonisa que tal lle vai ir no amor e nas cousas do traballo. Esta vez, manexas o tarot e esta é a súa tirada: O LOUCO, O MAGO E O DIAÑO.

Por parellas, simulade un o papel do oínte que chama e outro o de pitonisa que fai a predición en baseándose na tirada do tarot.



O TOLO

Sinala habitualmente un novo comezo ou cambio de dirección na túa vida, aventura e crecemento persoal. Nos momentos de dúbida segue o teu corazón, aínda que os teus impulsos parezan carecer de sentido.



O MAGO

Esta carta é un sinal para actuar xa, sen dúbidas, en canto sintas dentro de ti que é o que realmente queres. Representa a seguridade e o poder.



O DIAÑO

Representa as paixóns fatais. Éxito no plano material se se é quen de seguir os ditados da razón, mentres que aquel que se entregue aos instintos caerá na fatalidade.



Galego en acción

10. Observa estas fotografías e asígnalles unha destas profesións:

Profesións

bailarina
canteiro
albanel
policía local
futbolista
camareira
mecánico
limpador



SUFIXOS

Fixate que hai sufixos que están especializados en indicar PROFESIÓN:

- EIRO/EIRA: *canteiro, camareira*
- DOR/DORA: *limpador, animadora*
- ISTA: *futbolista, xornalista*
- IN/INA: *bailarina*
- TOR/TORA: *inspectora, redactor*





11. Agora, como bos xornalistas que sodes, ao longo desta unidade, ides preparar unha entrevista a un destes personaxes. Neste caso, traballades nunha revista que quere publicar unha reportaxe sobre as condicións reais de vida dos galegos/as. O título da reportaxe vai ser GALEGOS DO SÉCULO XXI e intentará dar unha imaxe de como se vive en Galicia na entrada do novo século. Traballando por parellas, preparade unha batería de preguntas e escribídeas no voso caderno de notas:

Preguntas a un/unha _____.

1 _____?

2 _____?

3 _____?

4 _____?

5 _____?

6 _____?

7 _____?

12. Intercambiade agora as preguntas que preparastes por parellas con outros grupos. Ides actuar un como entrevistador/a e outro como entrevistado/a.

O primeiro ten que ir tomando notas á man, a medida que o entrevistado/a lle vai contestando de forma improvisada.



13. Logo, unha vez que teñades isto feito, entre os dous redactade a entrevista, tal e como vai saír publicada na revista. Debes axustarte ao espazo que tes:

1 _____?

Resposta: _____

2 _____?

Resposta: _____

3 _____?

Resposta: _____

4 _____?

Resposta: _____

5 _____?

Resposta: _____

6 _____?

Resposta: _____

7 _____?

Resposta: _____



Tipoloxía textual

A carta comercial

Estimado cliente:

Como sabe, o BANCO CARTOS A TREU sempre quere o mellor para a súa clientela, ofrecéndolle produtos financeiros que incrementen os beneficios **desta** nun prazo curto de tempo.

Nesta ocasión, ao ser vostede un dos nosos mellores clientes, facémoslle chegar a infomación sobre o noso último produto, MOBILCAR que, sen dúbida, lle fará a vida máis fácil.

MOBILCAR é **unha tarxeta** bancaria de nova xeración, con todas as prestacións dunha tarxeta normal, pero con algunhas outras que só BANCO CARTOS A TREU é quen de ofrecerlle. **A tarxeta** MOBILCAR dálle a posibilidade de facer comodamente as súas compras de Nadal e pagar tres meses despois en prazos pequenos..., sen ningún tipo de xuro!

Como facerse con MOBILCAR? Moi fácil! Conseguila é moi doado, vostede só ten que achegarse á oficina do noso banco con esta carta e solicitala **ao** noso persoal. Sen ningún compromiso, sen ter que domiciliar a nómina ou contratar seguros de ningún tipo.

Lembre: MOBILCAR, a tarxeta de nova xeración que só lle ofrece BANCO CARTOS A TREU.

Esperando saudalo **o** persoalmente,
Senén Rei, director xeral

Os **demonstrativos** axudan a establecer a cohesión do texto: evitan a repetición de información xa presentada ao substituír esta e facer referencia a ela.

O uso dos **artigos** sérvenos para presentar a información de xeito ordenado: indeterminados cando presentamos unha información nova, determinado cando esa información xa apareceu antes no texto.

Algo similar sucede cos pronomes persoais: substitúen elementos xa mencionados, evitando a súa repetición.



14. Propoñémosche agora que ensaies o que acabamos de aprender aplicándoo a un novo texto. Ao lelo, observarás que está cheo de repeticións. Usando os procedementos de cohesión que acabamos de estudar (demostrativos, artigos, substitución pronominal), mellora a súa escrita:

Estimado cliente:

ACETOX é a empresa de telefonía móbil máis recente no mercado. A empresa de telefonía móbil ACETOX hai pouco que está nos seus fogares, a través da publicidade que poden ver nos medios de comunicación e agora tamén a través de carta personalizada. A publicidade fai fincapé nos beneficios que se obteñen ao integrarse en ACETOX, comparando os prezos que lles ofrecemos cos doutras empresas do sector.

A carta é porque queremos facerlles chegar persoalmente a información que pode axudar á nosa clientela a reducir de maneira moi notable os seus gastos de telefonía móbil. A nosa clientela pode beneficiarse das novas tarifas que inclúen o establecemento de chamada ou un bono de desconto por cada 60 minutos consumidos.

Se a nosa clientela está noutra empresa de telefonía, ACETOX facilítalle o trámite do traspaso sen que teña ningún custo adicional e sen que teña que moverse do seu domicilio. Pode facer o trámite a través da páxina web, sen desprazamentos innecesarios. A páxina web é www.acetox.es, onde atopará de forma clara as instrucións paso a paso para darse de alta en ACETOX. Acceda á páxina web de xeito sinxelo dende a súa casa e déase de alta xa, sen custos innecesarios.

A nosa clientela é importante, por iso queremos mimar os clientes que nos son fieis.

Atentamente, Pedro Ramírez
Xerente



Modelo actividade Celga

15. A entrevista de traballo. Imaxina que acodes a esta entrevista de traballo...

Búscase reporteiro televisivo para programa da TVG de máxima audiencia.

Imprescindible coñecementos de galego e coche propio para desprazamentos. Faranse entrevistas no PLATÓ 1000 o venres 21 de febreiro, de 12 a 14 horas.

Escribide no espazo que vos damos as posibles preguntas que fará o entrevistador (un mínimo de 12 preguntas). Logo, por parellas, adoptaredes un membro o papel de entrevistador e outro o de entrevistado, que deberá improvisar as posibles respostas.

1. Nome completo...

2. Idade...

3. _____

4. _____

5. _____

6. Idiomas que fala e dominio sobre estes.

7. _____

8. _____

9. _____

10. Cursos realizados con relación ao posto de traballo ao que opta e ano de realización.

11. _____

12. _____



16. Lede atentamente o texto que se achega. Son as instrucións que figuran no reverso do formulario que se cobre para solicitar emprego no Servizo Galego de Colocación. Unha vez lido, contestade oralmente as seguintes preguntas:

- a) Dos datos que se me piden na folla, é posible que algúns teña que acreditarlos con algún documento.
- b) Os meus datos van ser enviados a empresas que solicitan traballadores do meu perfil.
- c) Podo rexeitar ofertas de emprego que respondan ao meu perfil como traballador.
- d) Quedo obrigado/a a asistir a cursos de formación.

INSTRUCCIÓNS XERAIS

- Escribe o texto en letras maiúsculas e de imprenta.
- Os espazos sombreados están reservados para que os cubra o centro autorizado.
- Na valoración da escala escolla a que máis se axuste aos seus coñecementos.
- Os datos han de ser reais e, se é o caso, debidamente acreditados.
- A calidade e eficiencia do servizo dependen directamente do contido do presente documento, de tal xeito que, se non contén os datos necesarios, non será posible a súa validación e, en consecuencia, non poderá acceder aos programas ofrecidos polo Servizo Público de Emprego.

EN CUMPRIMENTO DA LEI ORGÁNICA 15/1999, DO 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL, INFÓRMASE DOS SEGUINTE PUNTOS:

- Os datos proporcionados no presente documento formarán parte dun ficheiro automatizado de demandantes de emprego, centralizado no Servizo Galego de Colocación (en adiante, SGC), gozando da protección establecida na devandita lei.
- O SGC actuará como intermediario entre as empresas que ofrezan traballo e os demandantes de emprego axilizando o proceso de contratación. Para tal efecto, os seus datos poderán remitirse a calquera empresa ofertante, co obxecto de seleccionar os candidatos para os postos de traballo.
- As respostas ás preguntas presentadas teñen carácter voluntario. En calquera momento pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose ao seu centro titor ou oficina de emprego.
- A identidade e enderezo do responsable do ficheiro é a seguinte:

CONSELLERÍA DE TRABALLO
DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN
SUBDIRECCIÓN XERAL DE COLOCACIÓN
EDIF. SAN CAETANO, S/N, 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lembrámoslle que o feito de ser demandante de emprego implica, entre outras cousas, as seguintes obrigas:

- *Renovar a tarxeta de demanda nas datas sinaladas.*
- *Comparecer ante os servizos públicos de emprego cando sexa requirido.*
- *Non rexeitar ofertas de emprego axeitadas, así como participar noutros programas de emprego, inserción ou formación.*
- *O cumprimento, se é o caso, do compromiso de actividade, así como participar en programas de colaboración social.*

O incumprimento de tales obrigas e a súa reincidencia pode ser causa de infracción leve ou grave en materia de Seguridade Social (se é perceptor de prestacións ou subsidio de desemprego) ou en materia de Emprego, tal como establece o Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE núm. 189, do 8 de agosto).



Contido sociocultural

Número de fogares con conexión a Internet

PERSOAS QUE SE CONECTARON A INTERNET

	2003	2004	2005	2006
A Coruña	24,60	25,22	29,86	30,24
Lugo	19,33	21,14	21,76	24,12
Ourense	17,40	19,93	20,11	20,61
Pontevedra	23,58	26,31	28,91	31,51
Galicia	22,66	24,39	27,29	28,70

Fonte: IGE


No ano 2006, un 28,70% dos galegos conectáronse a internet, porcentaxe que, igual que no caso doutras tecnoloxías (telefonía móbil), vén experimentando un crecemento nos últimos anos.

Por provincias, os pontevedreses son os que en maior porcentaxe se conectaron a internet, seguidos dos coruñeses, nunhas porcentaxes que superan a media galega (31,51% e 30,24%, respectivamente). Os ourensáns son os que menos se conectaron a internet neste ano (20,61%).

Son os homes os que utilizan as novas tecnoloxías en maior medida que as mulleres, pois no ano 2006 un 31,15% dos homes galegos de 5 ou máis anos conectáronse a internet, mentres que as mulleres o fixeron nun 26,44%.

Ao igual que no uso de ordenador, o grupo de 15 a 19 anos é o que presenta a maior porcentaxe de conexión a internet, cun 65,94%.

Persoas que usan o ordenador segundo o sexo. Galicia



Fonte: IGE